

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201300018974
25/10/2013 11:19:49

Recibido o seu escrito de data de 20 de setembro de 2013 polo que se solicita á Universidade de Vigo determinadas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 21 de febreiro do presente ano, polo que se fixo público o seu apoio “as accións en defensa da Serra do Galiñeiro e a súa contorna, e o rexeitamento a instalación do parque eólico na contorna do Parque Natural Monte Aloia e Serra do Galiñeiro”; unha vez solicitada a información necesaria, compresinalar o seguinte:

1. En relación ao rexeitamento sobre a posible autorización de explotación de terras raras:

Comprobouse que unha parte substancial do perímetro concedido para as labores de investigación proxectadas polo permiso de investigación número PO/C/ 02946 para localizar “recursos terras raras” nos termos municipais de Gondomar, Porriño, Mos, e Vigo (DOG de 15 de febreiro de 2013) afecta a terreos que son na actualidade propiedade da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo é titular en pleno dominio dos terreos afectados dende o pasado día 14 de outubro, data na que se formalizou o outorgamento da escritura pública de cesión gratuíta das parcelas 4A y 4B da primeira fase de ampliación da Cidade Universitaria, en cumprimento do Convenio de Colaboración suscrito o día 6 de xuño de 2012 entre o Alcalde de Vigo e o Reitor (publicado no DOG núm. 129 de 6 de xullo de 2012).

A nova situación dos terreos lexítima a Universidade de Vigo para que compareza en calidade de afectada na tramitación do expediente de concesión do permiso de investigación, calquera que sexa a fase procedemental na que se atope. A través da asesoría xurídica interesaremos a nulidade de autorización do permiso, ou outra posible concesión de dereitos mineiros para defender os usos públicos aos que os citados terreos estean destinados.

2. En relación á petición de instar á Xunta de Galicia a protección do espazo natural Serra do Galiñeiro:

A Universidade de Vigo, tal como expresou no seu acordo do Consello de Goberno de 21 de febreiro de 2013, está a prol da súa protección e en contra de proxectos sectoriais que poidan alterar os seus valores naturais, paisaxísticos, sociais e arqueolóxicos.

Mais en particular a Serra do Galiñeiro posúe uns valores ecolóxicos, científicos e educativos, cuxa conservación é incompatible coa instalación de parques eólicos e explotacións extractivas de recursos naturais ou minerais. En atención ao exposto dende a Universidade de Vigo considerase adecuado liderar unha petición institucional para instar a integración da Serra do Galiñeiro en redes nacionais ou internacionais de espazos protexidos.

Igualmente, parece aconsellable que esta petición institucional se canalice a través da Oficina de Medio Ambiente á que se encomendará o estudo científico preciso para instar ao órgano competente da Comunidade Autónoma que, de acordo ao establecido no artigo 13 da Lei 42/2007 de 13 de decembro de patrimonio natural e biodiversidade, inicie o procedemento para declarar a Serra do Galiñeiro parque natural por ser unha área que para a Universidade de Vigo posúe uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos cuxa conservación merece unha atención preferente para a nosa institución.

3. A terceira petición desborda o acordado no Consello de Goberno, non obstante, partindo do pleno respecto a liberdade de cátedra, de investigación e de estudo, trasladaremos aos centros e departamentos da Universidade de Vigo o interese que presenta no espazo público a organización dun debate científico e pluridisciplinar sobre as consecuencias e a posibilidade de realizar unha xestión mineira sostible.

Finalmente, queremos agradecer a súa oferta de colaboración e pregamos que se poñan en contacto con nós a través de Oficina de Medio Ambiente para compartir a información e elevar con éxito a devandita proposta ante a Xunta de Galicia.

Igualmente, agradecer o interese amosado pola conservación ambiental da Universidade de Vigo e o seu entorno, obxectivo que compartimos e quedamos á súa disposición para aclarar calquera dúbida ou consulta que puidese xurdir.

Aproveito a ocasión para facerlle chegar un cordial saúdo.

Vigo, 23 de outubro de 2013

O Reitor



Salustiano Mato de la Iglesia